

LIBROS VIVINTES



SUMMA
ÁGORA

O instituto reservara o auditorio para a ocasión e non quedaban cadeiras libres. Estaba na primeira fila e tiña quinze ou dezaseis anos, pelo castaño, ollos escuros e unha cara fermosa que foi mudando segundo contaba a miña experiencia. Souben de contado que ningunha das miñas palabras lle era allea, e quizais nunca lle puxera nome a aquilo que lle estaba a pasar. Nas aulas era moi coñecida por liderar o equipo feminino de baloncesto dende 1ºESO, e por ter participado en moitas actividades musicais vinculadas ao hip hop. Varios meses máis tarde a casualidade uniunos nun pequeno comercio, dirixiuse a min acompañada de súa nai e déronme as grazas. Non souben máis nada dela.

BIBLIOTECAS
municipais

O instituto reservara o auditorio para a ocasión e non quedaban cadeiras libres. Estaba na primeira fila e tiña quinze ou dezaseis anos, pelo castaño, ollos escuros e unha cara fermosa que foi mudando segundo contaba a miña experiencia. Souben de contado que ningunha das miñas palabras lle era allea, e quizais nunca lle puxera nome a aquilo que lle estaba a pasar. Nas aulas era moi coñecida por liderar o equipo feminino de baloncesto dende 1ºESO, e por ter participado en moitas actividades musicais vinculadas ao hip hop. Varios meses máis tarde a casualidade uniunos nun pequeno comercio, dirixiuse a min acompañada de súa nai e déronme as grazas. Non souben máis nada dela.

Convertinme nunha especialista das botellarías dos bares, era o único lugar para o que podía mirar e garantir unha tranquilidade incerta. Cando o tacto lene da súa pel rozaba a miña man nunha cafetaría, había pouco máis que dicir, xa ninguén me podía evitar o que eu pensaba ate daquela inevitable.

Por que pasaban as persoas ao meu arredor? Por que sorría? Por que aquel aceno? Por que levantaba a mirada?

Daba o mesmo se simplemente sorrira, chorara, xirara a cabeza ou educadamente pedira un café con leite, o resultado era sempre o mesmo: na casa, con furia, e cunha crueldade que nunca puiden entender.

- Non sei se alguén coñece o filme *Non estás soa, Sara*, gustaríame que tiverades a oportunidade de velo e compartir todas as inquedanzas que vos xurdiran despois da película.
- Quizais alguén de vós coñeza persoas as que lle teñan pasado situacións como as que se reflicten aí. Sabedes de alguén?

O instituto reservara o auditorio para a ocasión e non quedaban cadeiras libres. Estaba na primeira fila e tiña quinze ou dezaseis anos, pelo castaño, ollos escuros e unha cara fermosa que foi mudando segundo contaba a miña experiencia. Souben de contado que ningunha das miñas palabras lle era allea, e quizais nunca lle puxera nome a aquilo que lle estaba a pasar. Nas aulas era moi coñecida por liderar o equipo feminino de baloncesto dende 1ºESO, e por ter participado en moitas actividades musicais vinculadas ao hip hop.

Varios meses máis tarde a casualidade uniunos nun pequeno comercio, dirixiuse a min acompañada de súa nai e déronme as grazas. Non souben máis nada dela.

Voltei mentalmente ao auditorio e retomei a historia a partires da noite que escapei dunha morte certa, lembrándome, sen poder evitalo, de Bárbara.

- Bárbara Molina, chamábase. Tiña 15 anos. A súa historia recolleuse no 2010, quizais a recoñezades se vos digo "*Palabras envelenadas*".
- Si claro, a súa vida rematou sendo o argumento dunha novela que recibiu até un premio de literatura, recoméndovola a todas as persoas que aquí estades. Por certo, de Bárbara seguimos sen saber nada.

Sempre tiven claro que non merecía aquilo que me estaba a pasar, sentíao desde o primeiro día que vivín na miña pel o control absoluto e intimidatorio de quen dicía quererme. Eu por querer entendía outras cousas.

- Vós se estades namoradas supoño que vos apetece ver a cada momento ao mozo, gostades del e alegrádesvos de que chegue á casa, ao instituto ou á cafetería, non é?
- Falades con outros rapaces, vestides como queredes e non vos tremelican as pernas ao escoitar a chave na porta...

Percorreume un calafrío ao pensar nos dous anos que prolongaron o meu calvario desde que decidín separarme e denunciar todo aquilo, foi un camiño moi longo, cheo de paus e con doses moi altas de incomprensión a todos os niveis. Por iso, cando falamos de sensibilidade, non podo máis que lembrar ao comisario Teijeiro. A policía, as forzas de seguridade, deben amparar a todas aquelas persoas que acoden indefensas na procura da súa axuda.

- Señora, vostede xa é o segundo matrimonio polo que pasa, ande, non dea vergoña nin que falar e marche para a casa co seu home.
- Esa foi a contestación do policía cando presentei a miña denuncia co parte de lesións, por iso vos dicía o da sensibilidade...

Así é que cando o comisario Teijeiro se puxo á fronte e asumiu a responsabilidade para con todas as mulleres que viñan de vivir situacións como a miña, toda a cidade puido respirar un chisco máis tranquila.

Na última fila do auditorio, escondida entre a columna e o cartaz do día Das Letras Galegas, alguén abriu un bloc de notas e rapidamente escribiu:

Si hai saída

Comisario Teijeiro

Ningunha persoa merece que a maltraten.

981...

016

Pechou de contado o bloc e saíu sen que ninguén percibira o seu movemento, tiña o pelo loiro e moi longo, vestía unha saia vermella e unha camiseta axustada.

- Non sei por que demo tardaches tanto? Quedamos en faltar a clase para estarmos xuntos. Veña ho! Quérote un montón e gosto de saber por onde andas en cada momento e, por certo, prometíchesme non volver traer esa saia, ti es só para min...Non sabes canto te quero...

